*Xa son moitos os gobernos e autoridades que están a limitar ou abandonar o seu uso. Actualmente en Francia estúdase mesmo a posibilidade de prohibir a súa venda.*

*Diversas deputacións e numerosos municipios do estado español tamén están a limitar ou erradicar o uso de herbicidas e de glifosato debido aos impactos ambientais e sobre a saúde dos seres vivos.*

*Na Galiza concellos como Ames, na Coruña, ou Ponteareas, declaráronse Ubres de herbicidas químicos, e outros como Marín, Poio ou Arzúa xa aprobaron esta moción.*

*E cidades como Madrid, Barcelona, Badalona, Sevilla, Logroño ou Zaragoza aprobaron recentemente deixar de usar glifosato.*

*En pleno debate científico sobre os seus efectos carcinóxenos e de alteración endocrina, a Unión Europea aprazou de novo o pasado xoves día 19 de maio a decisión sobre a súa utilización futura, xa que a actual vence no vindeiro mes de xuño. Este principio activo atópase entre a lista de compoñentes químicos que Bruxelas debe examinar este ano para acceder ou*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*non a súa renovación de uso. Hai estados da UE claramente posicionados en contra encabezados por Francia, e debido a isto en marzo aprazouse a votación.*

*A propia Unión Europea recoñece as preocupacións e controversias que existen respecto ao glifosato e recomendou reducir o seu uso en zonas e xardíns públicos, áreas infantís e centros de saúde, no seu último borrador enviado o 2 de maio deste ano aos países membros.*

*As estradas P0-341 Couso-Víncios e a PO-340de Gondomar - Tui, e de Gondomar cara a Ramallosa, ambas de titularidade da Xunta de Galiza, fóronlle aplicados recentemente herbicidas nas súas beiras. Sen respectar as zonas próximas ás casas, regos e ríos polas que descorre. Non hai máis que transitar por elas para ver unha mancha ocre a ambas lados das estradas sobre as cunetas, os valados e zonas adxacentes a lugares habitados. A Xunta de Galiza deberá dar conta sobre a utilización destes herbicidas e as súas consecuencias e cesar de xeito inmediato a súa utilización.*

*Dende Gondomar Concello Aberto queremos denunciar este uso indiscriminado de herbicidas utilizados en espazos públicos e habitados e que constitúen un perigo potencial e un risco ao que se somete á poboación, aos empregados que o usan, ao gando e a flora e fauna, ou ao chan e ás augas. Por un principio de prudencia e de precaución non se debe utilizar estes herbicidas.*

*Cando se está pondo enriba da mesa o debate sobre a contaminación da Foz do Miñor e das continuas referencias a Gondomar por parte de Augas de Galicia e a Xunta, resulta curioso a dobre moral de acusar ao Concello de ser parte do problema e a súa vez usar este tipo de substancias que acabarán irremediablemente nos ríos e por tanto na Foz. Tal vez deberían predicar co exemplo. Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte acordo. Leo a proposta e acordo directamente, con esas correccións, a ver si dei conta do asunto. Iría así.*

***ACORDO:***

1. ***Consciente dos efectos negativos que o uso de herbicidas con glifosato levan consigo para a saúde pública, que afectan ou poden afectar á saúde das persoas e ao medio (co impacto resultante nos sectores produtivos como a apicultura, agricultura e a destrución do emprego e da actividade económica local) e tomando como referencia a Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas e o Real Decreto 1311/2012 polos que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, o Pleno do Concello de Gondomar acorda non autorizar o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituír estes produtos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danen a saúde nin o medio.***

2. ***Nos casos concretos de conflito, o Concello solicitará por escrito ás entidades implicadas na aplicación de herbicidas que en virtude do Real Decreto 1311/2012 empreguen métodos de control alternativos, non químicos.***

3. ***Dirixirse á Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galiza, e ao Ministerio de Fomento, solicitando o abandono inmediato do uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das beiras e medianas da rede viaria que pasen polo noso termo municipal, para que a protección da saúde das persoas e o medio en Gondomar sexa realmente efectiva.***

4. ***O Goberno municipal comprométese a informar deste acordo a todos os colectivos e entidades políticas, sociais e veciñais existentes no municipio para evitar tamén o uso doméstico de herbicidas con glifosato.***

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

**DELIBERACIÓN**

*Sr. Alcalde:* Grazas Sr. Araúxo. Sr. Pauliño, ten vostede a palabra.

*Sr. Pauliño:* Grazas Sr. Alcalde. Imos ver, dúas cousas... a primeira, non é o primeiro ano que se usa este tipo de herbicida no concello. Si, dende logo o panorama que hai na PO341 de Couso (..) e o que hai dende a PO340 A Ramallosa – Guillarei é un (...)descaro total. E é realmente curioso tamén que en esta última estrada botaron o herbicida xusto no outro lado. É dicir que a limpeza no termo municipal é moi mala. De aí para Nigrán está a herbiña verde, fresca e estupenda. Sen embargo, curiosamente cando empeza de Proval para acá, sería unha das preguntas que habería que facerlle á administración autonómica ¿por qué facultar este herbicida xusto cando empeza (....) ? está para que calquera de nos o poida comprobar. Por outro lado, a ver, estamos falando dun herbicida, que ten evidentemente unha certa discusión pero que incluso a día de hoxe, a comunidade económica europea non se puxo de acordo sobre a súa utilización. Entre o 20 e o 30 de Xuño deste ano hai que renovar a utilización deste elemento, deste principio activo. E curiosamente en marzo reuníronse os países membros, non chegaron a un acordo, se pospuxo para o 19 deste mes pasado, se baixaba de quince anos a nove anos a súa utilización pero aínda así houbo de novo que pospoñelo, porque países como Italia, como Francia, como Alemania, están claramente en contra da utilización de este produto. É dicir que si o vintetantos, entre o 20 e o 30 de xuño deste mes, a Unión Europea non renova a utilización deste compoñente químico quedaría prohibido na Unión Europea. Curiosamente de producirse este feito, mes e pico antes a nós nos sulfatan, nunca mellor dito, a gusto os camiños de propiedade autonómica.Nós pedimos os escritos do Goberno Municipal para ver cal foi a súa actuación neste tema e hai dous escritos metidos o día 15, un día despois da nosa denuncia na prensa, e o día 20 un dirixido á Xunta de Galicia e outro dirixido á Deputación de Pontevedra. Gustaríame saber si o Sr. Alcalde ten noticias da utilización por parte da Deputación de Pontevedra, sobre este herbicida, porque ata onde nos sabemos está simplemente en estradas autonómicas. Ben, resulta evidente que estamos ante un herbicida onde incluso a axencia internacional de Investigación contra o cancro e outros organismos da Organización Mundial da Saúde falan de posible canceríxeno e dende logo a utilización, usalo aquí en Gondomar, porque non se cortaron un duro, non so o botaron ás beiras das estradas onde non había casas, onde había casas, polo río, incluso en Peitieiros hai hortas e cultivos onde está botado este herbicida (..). Ben hai unha directiva, unha recomendación da Comunidade Económica Europea, incluso aprobando este herbicida, o uso de este herbicida. Onde fala de que non se utilice en sitios, espazos públicos, habitados, parques infantís, zoas de ríos, etc. Aquí dende logo non respectaron absolutamente nada. Esperemos que se prohiba ou que non se renove a utilización de este principio activo, que se usen medios mecánicos que crearían postos de traballo, e dende logo non porían en risco a saúde de todos nos, das persoas, ata dos cultivos e dos animais. Grazas.

*Sr. Alcalde:* Grazas Sr. Del Río. ¿Algunha intervención?, ¿ningunha?. Ben, eu quería dicir ao respecto de esta moción, que si é certo que fomos coñecedores de que a Xunta de Galiza, é dicir unha administración ulterior á nosa, estaba empregando herbicidas no noso termo municipal nas vías da súa titularidade, que tamén hai que dicilo, son da súa titularidade, polo tanto a competencia da limpeza das cunetas, beiravías e demais é unha competencia deles. Detectamos tamén maleza nesas estradas e nada mais ser coñecedores desta situación e obviamente o Goberno non ser copartícipe para nada co que se estaba levando a cabo, como xa o demostramos en reiteradas ocasións, cando éramos a oposición e hoxe somos Goberno. En ese senso, o Concelleiro de Medio Ambiente e quen lles fala, pois xa o primeiro que fixeron foi pórse a traballar en este asunto para evitar que seguiran botando herbicidas nas súas estradas e nas da Xunta de Galicia e redactouse un escrito, no que aproveitando ademais a situación dos herbicidas, tamén se lle lembraba á administración autonómica a obrigatoriedade

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

de limpar as cunetas, de arranxar as estradas da súa titularidade, porque eran reiteradas as queixas veciñais nese senso. E o escrito que se lle mandou dende o Concello ía dirixido á Xunta de Galicia en este termo, dicía así por abreviar. Ademais está presente o estado de abandono da vexetación, as estradas están cheas de buratos, cunetas atascadas e demais. E que se detectaba que se estaba botando líquido herbicida para a súa limpeza, estando interesado en coñecer os seus compoñentes e os certificados que obren en este sentido, e a data de hoxe non nos mandaron ningunha certificación. Sabemos que cesaron da súa labor de botar herbicidas. Non sei si iso puido ser, é unha opinión, que ao mellor empezaran de Gondomar para A Ramallosa por iso acabaron en Nigrán. Non creo que Nigrán sexa susceptible de ser amigo da Xunta de Galiza e Gondomar non, ou sexa non, será casualidade. Nos somos conscientes de que non podemos permitir que no noso Concello se boten herbicidas nas beiravías, o fomos sempre e o seguimos mantendo. Entendemos ademais que é un produto nocivo para o medio ambiente. Sabemos ademais que non podemos permitilo e espero que non sigan botando herbicidas no noso Concello. Dáme igual que sexan estradas da súa titularidade ou non. Faremos todo o posible para impedilo.
E me dicía vostede porque lla mandamos á Deputación, pois por aquilo de "por si acaso" como tamén a Deputación ten moitas estradas da súa titularidade no noso termo municipal e tamén entendíamos que requirían ademais un mantemento das cunetas, da limpeza de herbas e demais, tamén lle dicíamos o mesmo, que si dalgunha maneira está botando ou vai a botar herbicidas, que se absteña de facelo. Porque si qué é certo que nos chegaron queixas tamén, de que incluso a Deputación, tamén estaba nesa tarefa de botar herbicidas, cousa que non, a Deputación de Pontevedra non chegou a facelo nin ten na súa axenda tampouco facelo polo menos na provincia de Pontevedra. Iso é o que me achegan a min dende esta Institución. E me parece correcto ademais que se tomen esas medidas. Eu creo que estamos todos de acordo en evitar os herbicidas no noso Concello. Pola miña parte nada mais, Sr. Pauliño doulle a palabra a vostede para que peche si estima conveniente, perdón Sr. Araúxo.

*Sr. Araúxo:* Eu creo que a moción está clara. Si me permite o concelleiro a brincadeira, eu anticipeime a consellería que non existe, vostede citou varias veces a Comunidade Económica Europea que hai moitos anos que tampouco existe, que é a Unión europea, non, pero da igual. O importante é que na moción estamos de acordo e que temos que evitar por todos os medios que nos (....) herbicidas, este ou calquera outro.

*Sr. Alcalde:* Si, Sr. Pauliño.

*Sr. Pauliño:* Ben imos ver, vale. Simplemente dicirlles que nos imos a achegar mañá polo Rexistro do Concello duascentas sinaturas de veciños e veciñas de Gondomar apoiando isto que estamos falando aquí, están recollidas e habémolas achegar ao Rexistro, para que cando se remita esta moción á Consellería correspondente, se lle faga tamén entrega dos douscentos veciños, veciñas de Gondomar que asinaron esta petición da prohibición de botarlle herbicidas as estradas do noso Concello. Grazas.

*Sr. Alcalde:* Moitas grazas e para rematar doulle a palabra ao Sr, Araúxo que... nada. Poi está concluso o debate da moción.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.**

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



**4.b. Mocións presentadas en data 24.05.2016 e en data 30.05.2016 por Dna. Rocío Cambra Castro e por D. Josué Villar Ballesteros respectivamente, refundidas nunha soa, relativa a APOIO Á DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO E ÁS REIVINDICACIÓNS LGTBI.**

*Sra. Rocío Cambra: Había unha moción de CABE que era similar, entón pois nada saber si cada un levamos a nosa ou...*

*Sr. Josué Villar: Eu pensando nas dúas, entendo que a vosa é mais, está o da Xunta, o noso vai mais en tema local, polo tanto entendo que poden ser complementarias nunha mesma moción, sen ningún problema. Creo que no voso caso, vai tamén o tema da bandeira, que me parece un bo proceder, e a diferenza é que tamén, que nos reclamamos tamén o día internacional contra a LGTBIfobia. Vos facedes mención a outro día, entendemos que a intención é a mesma, polo tanto se pode xuntar coa vosa moción. Creo que o que quedaría mellor sería engadir a vosa moción se estades de acordo.*

*Sr. Alcalde: Ben, entón a proposta de Gondomar Concello Aberto é incluír da moción de Manifesto Miñor cinco puntos literalmente, así integramente.*

*Sr. Josué Villar: Si creo que hai un punto, creo que hai un punto que coincide, que é o do apoiar e definir as convocatorias, creo que vai na mesma liña, o último punto, o catro.*

*Sr. Alcalde: O número catro non se incluiría porque xa está, e o resto se incluirían como puntos a liña seguido do acordo que vostede propón na súa moción. Como está presentada a súa moción con anterioridade, que é de data 24.05.2106, e a de CABE é do 30.05.2016 pois si están vostedes de acordo que sexa Rocío Cambra quen defenda a moción. Grazas, ten vostede a palabra.*

*Sra. Rocío Cambra: Vale moitas grazas, estou de acordo en unir eses puntos sen ningún problema.*

Defende esta moción a concelleira Dna. Rocío Cambra Castro:

***APOIO Á DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO E ÁS REIVINDICACIÓNS LGTBI***

***Exposición de motivos:***

*O día 28 de xuño celebramos o nacemento do movemento social e reivindicativo dos dereitos do colectivo LGTBI, con motivo do aniversario das revoltas de 1969 en Greenwich Village (Nova York) nas que a comunidade homosexual neoiorquina se enfrontou á opresión e persecución de persoas gais, lesbianas e transexuais por parte das institucións e da sociedade. Corenta e sete anos despois deste fito histórico na loita polos dereitos humanos, debemos seguir apoiando e loitando a prol dos dereitos e liberdades da poboación LGTBI; o aumento dos delitos de odio LGTBIfóbicos, a serofobia e a exclusión sociolaboral de persoas seropositivas, a exclusión e marxinación das persoas transexuais así como as lexislacións actuais en moitos países (que criminalizan o colectivo LGTBI), etc. son indicios claros de que aínda temos moitas, moito traballo por facer no ámbito da diversidade sexual e de xénero.*

*No estado español, a pesar dos avances da sociedade actual, sobre todo a partir da aprobación da Lei 13/2005 na que se recoñece o matrimonio entre persoas do mesmo sexo, o colectivo LGTBI segue a ser obxecto de continuos actos discriminatorios, moitas veces de carácter violento (delitos de odio). A Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Transexuais e*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*Bisexuais (FELGTB) vén de publicar o seu* **Informe sobre delitos de odio e incidentes discriminatorios por orientación sexual e identidade de xénero no Estado Español** *para o ano 2015, no que se pode observar unha duplicación dos casos de menores que sufriron delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero con respecto ao ano anterior. Este colectivo, as mozas e mozos vítimas de actos de odio, de acoso ou ciberacoso, nomeadamente no âmbito socioeducativo, constitúe un grupo especialmente vulnerable.*

*En Galicia, malia ser aprobada a LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, a situación do colectivo LGTBI segue a ser preocupante. Neste senso, hai que ter en conta a falta de referentes LGTBI no âmbito galego que actúe de contrapeso á ideoloxía difundida dende o heteropatriarcado e a invisibilización de moitas persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, especialmente no rural.*

*Xa que logo, cremos que os gobernos municipais teñen a obriga de contribuír decididamente á visibilización das reivindicacións das persoas lesbianas, gais, transexuais e bisexuais (LGTBI) e favorecer así a normalización do feito homosexual e transexual no âmbito local e a supresión de prexuízos retrógrados, LGTBIfóbicos e serofóbicos difundidos tradicionalmente dende a ideoloxía heteropatriarcal. Dende o local temos que apostar por avanzar cara unha situación real de igualdade, liberdade e respecto da diversidade sexual e de xénero.*

*Por todo o exposto, propón á Corporación Municipal adoptar os seguintes* ***ACORDOS:***

*1º) Instar á Xunta de Galicia á creación dun Observatorio Galego contra a LGTBIfobia que proporcione asesoramento legal e apoio psicolóxico ás vítimas de delitos de odio homofóbicos, bifóbicos e transfóbicos. .*

*2º) Instar á Xunta de Galicia a aprobar unha Lei contra os Delitos de Odio onde se recollan, entre outros, os actos de odio de base homofóbica, bifóbica, transfóbica e serofóbica, co seu correspondente réxime sancionador. Esta lei, en todo caso, servirá de complemento á Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.*

*3º) Instar á Xunta de Galicia a introducir a perspectiva de diversidade no currículo académico de todos os niveis, que recolla de forma realista e proporcionada a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar existente na sociedade actual.*

*4º) Instar á Xunta de Galicia a desenvolver campañas efectivas de igualdade e diversidade nos centros educativos, destinadas tanto ás mozas e aos mozos como ás familias, que favorezan a visibilización e a non discriminación das persoas LGTBI.*

*5º) Fomentar o asociacionismo LGTBI no Concello.*

*6º) Colocar a bandeira arco da vella (símbolo de diversidade, da liberdade sexual e de xénero e das reivindicacións do colectivo LGTBI) durante a semana do 28 de xuño no balcón do Concello para simbolizar o firme compromiso desta Corporación Municipal coa loita a prol da diversidade, da liberdade afectivo-sexual e de xénero e da loita a prol dos dereitos das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.*

*7º) Contribuír, nas competencias que lle son propias a este Concello, ao desenvolvemento e aplicación de todas as medidas previstas na lexislación vixente contra toda discriminación por orientación sexual, identidade de xénero e diversidade familiar, coa finalidade de erradicar da nosa sociedade calquera tipo de LGTBIfobia no âmbito familiar, escolar, laboral, social e/ou político.*

*8º) Elaborar un Plan Municipal destinado a fomentar as condicións de posibilidade para o fortalecemento e o crecemento do asociacionismo LGTBI reivindicativo, entendendo a este*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*como un protagonista clave na loita contra a homofobia, transfobia, bifobia e lesbofobia.*

*9º) Promover o coñecemento e o compromiso coa loita contra a LGTBIfobia entre o persoal laboral da administración local, especialmente entre os corpos policiais, a través de campañas de sensibilización e cursos de formación desenvolvidos polos propios colectivos.*

*10º) Garantir atención integral a todas as persoas que sufriron discriminación ou que foron obxecto dun delito de odio, con especial atención aos colectivos máis vulnerables.*

**DELIBERACIÓN**

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.**

**4.c. Mocións presentadas en data 30.05.2016 por D. Josué Villar Ballesteros e por D. Manuel Gómez González, refundidas nunha soa, relativa a AULA CHAÍN DO CRA ANTÍA CAL.**

*Sr. Gómez: Boas tardes a todas e todas. Imos ver, na moción penso que nos pedimos mais ou menos o mesmo, aínda que ao mellor pois posiblemente a de Concello Aberto teña un pouquiño mais de contido pero, ao final a resolución por dicilo así ou o que piden, o solicitado penso que é o mesmo, e penso que neste caso concretamente pois o detalle de cederlle o protagonismo neste caso que é defender dúas mocións que coincidían con Manifesto Miñor, eu non teño ningún problema, que a defendan eles aínda que nos imos defendela tamén.*

*Sr. Josué Villar: Agradézovos isto pero é unha cuestión de forza. Entendo que bueno incorporaríamos basicamente o punto dous porque creo que no voso caso ten un engadido en cuanto á comisión de seguimento de nivel político ¿de acordo? Ese punto en concreto creo que o mantería a maiores do noso. Non teño claro de meter o punto un, porque é máis claro se non o metemos, porque na vosa argumentación do punto un, cito literalmente "Que o Pleno da Corporación Municipal de Gondomar aprobe actuar de URXENCIA na solución das deficiencias subliñadas nos informes técnicos emitidos por los servizos de urbanismo a cargo das partidas existentes no orzamento municipal, e se proceda a executar sen dilación de tempo as REPARACIÓNS URXENTES NO COLEXIO DE CHAÍN, quedando facultado (é aquí a nosa dúbida) o Sr. Alcalde para poder solicitar e conseguir todo tipo de axuda provinte dos demais organismos oficiais, dígase Deputación Provincial ou Xunta de Galicia. ¿qué quero dicir coa dúbida de meter este punto? Que entendamos que o Alcalde xa está facultado neste momento para o feito de pedir, senón tedes inconveniente incorporariamos literalmente o punto dous, cambiándoo polo punto de comisión de seguimento tres da nosa moción e quedaría así.*

*Sr. Gómez: Non pero neste caso poderíamos incluír o un e deixamos xa que o alcalde está facultado, deixamos o do alcalde, e deixamos a moción como está. O que interesan son as resolucións, a eficacia e a rapidez porque é de máxima urxencia, o tema é.....*

*Sr. Alcalde: Perdón si me permiten, do apartado un da moción de IXG, hai unha cuestión que eu non sei si está feita intencionadamente ou é un tema da redacción, di; "nos informes técnicos emitidos polos servizos de urbanismo a cargo das partidas existentes no orzamento municipal", dalgunha maneira supedita vostede a redacción dos informes aos orzamentos municipais, e si O Goberno tivera a posibilidade de que a Deputación de Pontevedra fixera o*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*proxecto, por exemplo ou así, desta maneira parece que nos está obrigando a que sexan cos cartos dos orzamentos municipais e non tiña porque necesariamente ser así, se nos conseguimos o financiamento por fóra, mellor que mellor. Empregar eses cartos en outras cousas dentro do termo. Entendo que a finalidade, que o Concello, ou que as administracións asuman a redacción do proxecto e o custo das obras indistintamente quen sexa a administración que pague. ¿me explico, non sei?*

*Sr. Gómez: Lle poño as dúas opcións, incluso despois a continuación lle poño cando teña facultade o alcalde, así nese caso, optamos a conseguir todo tipo de axudas provenientes dos demais organismos oficiais, dígase Deputación Provincial ou Xunta de Galicia.*

*Sr. Alcalde: Moi ben, pois nada, perfecto.*

***Defende esta moción o concelleiro D. Josué Villar Ballesteros, coas inclusións e a fusión de ámbalas dúas en unha, ten vostede a palabra.***

*Sr. Villar: So unha aclaración Sr. Alcalde. Quedaría porque ese punto, nos realmente nesta moción pedimos un (...) municipal. Vai quedar complementaria porque no caso desa actuación municipal que solicitamos urxente, hai un acompañamento... de ademais que se aplicaría agora, en canto a totalidade da obra, que supone que é unha obra bastante grande, pois complementar coa actuación de buscar financiamento. Dou lectura a moción:*

***MOCIÓN AULA CHAÍN DO CRA ANTÍA CAL.***

*Na sesión ordinaria do pleno da corporación de Gondomar N°3/2015 aprobouse unha moción relativa ao arranxo do patio de recreo da aula de Chaín do CRA Antía Cal.*

*Dita moción foi aprobada, pero ata o día de hoxe, nin o Goberno saínte nin o Goberno actual, secundaron dito acordo,sen que ata o de agora o problema fora resolto.*

*No Consello Escolar con data 13 de outubro de 2015, o Sr.Alcalde Francisco Ferreira manifesta que é consciente das deficiencias e problemáticas da aula de Chaín, pero que estaba buscando financiamento porque o Concello non pode asumir o gasto.*

*Nesta xuntanza manifestou tamén a súa intención de aproveitar as axudas da Deputación para arranxar a escola.*

*O 19 de xaneiro do 2016, nunha nova convocatoria do Consello Escolar, asiste en representación do Concello o actual concelleiro de educación Juan González, alí os e as representantes da comunidade educativa manifestan novamente a problemática da aula.*

*Con data 19 de abril, pasado máis dun ano dende a aprobación da moción, e sete meses dende o Consello Escolar de outubro, convócase un Consello Escolar Extraordinario onde a ANPA, preocupada ante a inacción do goberno local, decide tomar unha vez máis a iniciativa e engadir na orde do día a petición dun informe técnico por parte do arquitecto municipal para avaliar as deficiencias do centro.*

*O arquitecto municipal, que xa emitirá un informe sobre o estado das instalacións con data 6 de Novembro de 2012, emite un novo informe o 28 de Abril, onde figuran novas problemáticas que se engaden as xa identificadas en 2012.*

*De xeito complementario ás actuacións citadas, e no transcurso dos meses dende o debate plenario e aprobación da moción, tanto a dirección do CRA, como a ANPA "As Pontes" veñen de presentar numerosos escritos por rexistro:*

*Entradas de rexistro feitas pola dirección:*

*26/10/2011: Solicitude arranxo dos tellados de Peitieiros, Chaín, Couso e a Sede.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*13/02/2014: Solicitude arranxo dos tellados de Peitieiros, Chaín, Couso e a Sede.*

*12/09/2014: Solicitude arranxo dos tellados de Peitieiros, Chaín, Couso e a Sede.*

*16/09/2015: Solicitude arranxo dos tellados de Chaín, Couso e a Sede.*

*16/09/2015: Solicitude de arranxos e mantemento.*

*Entradas de rexistro da ANPA "As Pontes":*

*21/01/2016: Solicitude arranxo da aula de Chaín aprobado no pleno nº3/2015 e a canalización das augas.*

*24/02/2016: Solicitude dun conserxe.*

*11/04/2016: Solicitude dos pais da aula de Chaín unha reunión para poder obter unha data de iniciación das obras.*

*Por outra banda, o Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto solicitou nos plenos anteriores a esta sesión información sobre as xestións do Concello para dar solución a este problema, sen que a data de hoxe, obtiveramos resposta algunha.*

*Polo exposto, o Grupo Municipal de Gondomar CABE propón ao pleno da corporación de Gondomar a adopción dos seguintes acordos:*

***ACORDOS:***

1. *Que o Pleno da Corporación Municipal de Gondomar aprobe actuar de URXENCIA na solución das deficiencias subliñadas nos informes técnicos emitidos por los servizos de urbanismo a cargo das partidas existentes no orzamento municipal, e se proceda a executar sen dilación de tempo as REPARACIÓNS URXENTES NO COLEXIO DE CHAÍN, quedando facultado o Sr. Alcalde para poder solicitar e conseguir todo tipo de axuda provinte de os demais organismos oficiais, dígase Deputación Provincial ou Xunta de Galicia.*
2. *Que o Concello xestione sen máis dilación as obras necesarias para o correcto funcionamento da aula de Chaín do CRA Antía Cal, nunhas condicións básicas de seguridade e salubridade, resolvendo o problema de drenaxe e filtración de augas, así como o acondicionamento digno dos cuartos de baño.*
3. *Que se envíe un informe por escrito cada 15 días á dirección do CRA, a ANPA "As Pontes", e aos representantes dos grupos políticos da corporación informando detalladamente dos avances no proceso de xestión ata a execución das obras na aula do CRA Antía Cal.*
4. *Que o Concello cree unha comisión de seguimento da actuación composta por un/ha representante do concello, un/ha representante da ANPA, un/ha representante da dirección do CRA, un/ha técnica competente na materia e un/ha representante de cada un dos grupos políticos da corporación. Esta comisión convocarase na última semana de Xullo e Agosto do 2016.*
5. *Que ditas obras sexan acometidas antes do comezo do vindeiro curso escolar.*

**DELIBERACIÓN**

*Sr. Alcalde:* Moitas grazas. ¿Intervencións? Pregúntame o Secretario Municipal para que non haxa despois dúbidas, ¿Á moción de CABE se lle inclúe o parágrafo primeiro da moción de IXG e se suprime o segundo parágrafo da moción de IXG, é así?

*Sr. Villar:* No segundo punto da moción de IXG, se incluiría o noso punto 3 que é engadir ademais do que xa tiñamos, representantes políticos. No punto 1 e complementariamente ao

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



que figura na moción de CABE, o punto 1 de IXG, entendemos ata o punto de CHAÍN,e aí non varía, porque nos pedimos unha actuación municipal que entendemos sexa complementaria ao demais.

*Sr. Alcalde:* Moi ben, Sr. Gómez, ten vostede a palabra.

*Sr. Gómez:* Imos ver, iso xa o explicou o compañeiro da Corporación Sr. Villar na moción, pero esta é unha aprobación que eu vexo que ten que ser urxente. Eu hoxe estiven cos representantes da AMPA, de pais de alumnos, alí vendo, se deu a circunstancia de que chovía un montón aquel día non, pero o que é o colexio está así inundado e incluso ten xuncos e algunhas (...) por iso te digo que alí a humidade, o que é o teito, a parte de arriba onde se mira (...) se miran os ferros oxidados a vista, posiblemente iso teña aluminose. Iso é perigoso para a saúde. A aula está (...) ademais cando falamos de nenos pequenos que están alí no colexio. Despois, a parte exterior, cando chove moito, no viario que vai de Gondomar a Morgadáns, toda esa parte queda o terreo un pouquiño mais baixo que o colexio. A parte de arriba queda mais alta, aí si que hai para recoller as augas que caen nos canles, pero aí, ao quedar a terra mais alta, iso entra humidade. Despois todas esas augas que se collen, as superficiais porque non hai drenaxe ningún, chegan a unha arqueta que está case na entrada do colexio onde ten un tubo de diámetro 75, iso é imposible, a cantidade de auga que se colle alí, claro aquilo empeza a desbordar, o outro día pasei por alí, empeza a desbordar, é imposible acceder ao colexio. Esa reparación, eu de verdade que deixa (...) de posibilidades porque iso é simplemente levantar aquel tubo e meter un tubo de 200 ou 250 e pasaría a auga totalmente. Iso sería unha solución rápida, urxente para solucionar ese tema, non servirá para as humidades, iso habería que facer unha drenaxe ao redor, e as humidades que entran por arriba pois seguramente un cambio de cuberta ou reparación, pero iso creo que xa os técnicos o informaron. Pero o que noso grupo pide IXG, eu penso que hai que entendelo, que se lle de unha solución, dado que é un sitio onde están un montón de horas os nenos, todas esas horas están no colexio. Iso é (...) eu penso que non poden empezar outro curso nesa situación ¡de verdade! Para pedir que o Goberno, en este caso, poña man en iso me imaxino que xa estarán en iso, me imaxino que non estarían esperando a que propoñeramos a moción, que o estarán intentando solucionar, e sería unha solución, iso agora que ven a época estival, a parada dos colexios, no próximo pois que estea nunhas condicións como se merecen. Nada mais, moitas grazas.

*Sr. Alcalde:* Grazas Sr. Gómez. Ben, como vostede sabe, os colexios todos da CRA, son colexios antigos, moitos deles, e xa o anterior Goberno viña de facer unha actuación en todos eles, un a un, falo do arranxo que fixeron en Peitieiros. Nos fixemos arranxos ademais en Couso, rematamos Peitieiros tamén, se fixeron actuacións en Souto-Donas, que xa eran do anterior Goberno tamén, nos cumprimentamos o expediente e fixemos os arranxos necesarios do Serra Víncios, tamén está arranxado, e como sempre dixen, digo e direi é unha prioridade para este Goberno a Educación e as Instalacións Educativas e os cativos, pero tamén hai que dicir como así llo fixemos saber á comunidade educativa que para levar a cabo a actuación que se pretende, que aconsella ademais o arquitecto municipal, é unha actuación que require tempo e ademais é unha obra de envergadura. Non quero dicir que se vaia facer alí A Sagrada Familia, pero si que é certo, que cando aquí se aprobou unha moción no ano 2015, a famosa moción nº 3/2015, por aquel entón estaba de Concelleiro de Vías e Obras Jesús Salgueiro. Cónstame que levou a cabo actuacións tendentes a evitar ese problema, e de feito así foi, porque ese problema non emanou ata pasados meses, polo tanto....e ademais se lle preguntou persoalmente si o arranxo estaba feito e si podía quedar arranxado ese problema e o Concello en aquel momento ao cargo, ao fronte do partido que fose, fixo actuacións sempre aí e fíxoas el. Despois aflorou outra vez o problema do drenaxe, das inundacións, foi una ano obviamente, todos o coñecemos, con moitas chuvias e a actuación que hai que facer alí non é tan sinxela

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



como vostede di de meter un tubo mais grande nin nada. Aquilo hai que levantar practicamente toda a terra, hai que meterlle unha capa de grava miúda para que drene, hai que levantar o tellado, retellalo ou veremos o que hai que facer porque non son técnico, e dende logo o que sempre dixen, digo e direi que a seguridade dos nenos si que é importante para todos nos, obviamente, pero tamén é seguridade esperar a que remate o curso, como é o caso, para meter alí as palas e para empezar a levantar o tellado e demais. Entón estamos a día 2 de xuño, si non lembro mal o colexio remata o día 22, e o compromiso que nos adoptamos con todas as partes afectadas foi nada mais rematar o curso meterse a traballar no Colexio de Chaín para que en setembro cando se incorpore o novo curso o Colexio de Chaín estea en condicións óptimas, en plenas garantías para que os nenos e as nenas non teñan ningún tipo de problema, e iso é algo que xa se dixo dende sempre. O que pasa é, que si queremos facer unha actuación global sobre o problema concreto que hai en Chaín, hai que esperar á época estival, hai que meter alí, non vou a dicir o que porque non son técnico pero posiblemente a pala escavadora, grava, drenar aquilo, porque as actuacións que xa se fixeron co anterior Goberno aínda que foron con toda a vontade, parece ser que co tempo non deron o resultado que deberían dar. As correntías dos terreos das augas están a unha superior cota, etc. Polo tanto o Antía Cal, o colexio de Chaín vai estar en óptimas condicións no mes de setembro para os rapaces e as rapazas, grazas, pero me parece correcto. Ademais esta moción, compartímola e si queren facer unha comisión facémola, pero eu creo que a mellor comisión, é que cando a xente pase por diante do colexio vexa que as máquinas están alí traballando. Moitas grazas. Sr. Gómez ten vostede a palabra.

*Sr. Gómez:* Nada o que lle pedíamos neste caso eran esas solucións, a solución do teito, a drenaxe, todo iso, e que se fixeran...claro non van a estar alí as máquinas cos nenos, o que vostede dixo que van empezar en canto pare o colexio e que para setembro que vai estar perfecto para entrar no colexio, como toca e como teñen que estar. Iso é o que nos pedimos e nun principio si cumpre o que está dicindo, de marabilla. É o que nos pedimos en este caso.

*Sr. Alcalde:* Non fai falta que o pida, teña por seguro que o imos facer, pero agradecemos ademais a súa petición. Non faltaría, imos, faltaría mais que empezara o colexio en setembro con este estado, faltaría mais. Antes teña por seguro que marcho.Grazas. Hai xente que lle fai graza cando un pon o cargo á disposición do incumprimento da palabra pero verá que non. Entón ¿Quere rematar vostede Sr. Villar? Ten a palabra.

*Sr. Villar:* Alégrame que voten e aplaudan esta moción. Espero que non pase como nas anteriores mocións que se aprobaron neste Pleno, que se aproban aquí e logo nai nai

*Sr. Alcalde:* ¿Qué fala, por cando vostede estaba no Goberno?

*Sr. Villar:* Falo por todas, todas as mocións que non dades cumprimento. Vostede di que a actuación require de tempo e é unha obra de envergadura. Tempo tivo, eu penso que é mais a vontade política porque claro que nos, e supoño que a comunidade educativa o entende, acometer o conxunto da obra pois falamos de unha obra de envergadura pero o certo é que nesa aula hai detalles que dicían antes os concelleiros que con pouco tempo e un pouco de vontade política se solucionaban, sobre todo o problema das filtracións que non require tanto de (..) europea, é mais de ir alí e tratar de facer o que se poida como Concello pero, falo dende febreiro do ano pasado, que todo o que fixo este Concello para solucionar os problemas que a día de hoxe sexa nada é un tanto indicativo. Nada mais.

*Sr. Alcalde:* Grazas.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**
**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.**

**4.d. Moción presentada en data 30.05.2016 presentada polo concelleiro D. Manúel Gómez González relativa a REPARACIÓN E ASFALTADO DO CAMIÑO DO ESTRIPEIRO (SAN CIBRÁN - DONAS).**

*Manuel Gómez González, en calidade de Concelleiro e portavoz do partido **INICIATIVA POR GONDOMAR** nesta Corporación Municipal de Gondomar presenta ao Pleno para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte **MOCIÓN**:*

***REPARACIÓN E ASFALTADO DO CAMIÑO DO ESTRIPEIRO (SAN CIBRÁN - DONAS).***

*Ante o estado calamitoso no que se atopa o firme do viario pertencente a parroquia de Donas e de titularidade municipal denominado "CAMIÑO DO ESTRIPEIRO", o cal debido o tránsito que soporta e nas condicións que se atopa (cheo de fochancas, sen canalización para as augas das escorrentas, etc.) convertese un calvario para os usuarios do mesmo, faise necesaria unha urxente actuación en procura de dotalo dun novo firme e acondicionar as cunetas para canalización das augas das escorrentas.*

*Por todo o exposto, é polo que elevo a este Pleno adoptar o seguinte **ACORDO**:*

***Que o Pleno da Corporación Municipal de Gondomar aprobe a iniciación do expediente encamiñado a reposición dun novo firme e canalización pola cuneta das augas das escorrentes, no viario denominado "CAMINO DO ESTRIPEIRO", facultando o sr. Alcalde, por si fora necesario, a facer as xestións pertinentes ante as diversas administracións en procura do financiamento necesario para súa realidade ou ben facelo contra a partida municipal existente nos orzamentos.***

**DELIBERACIÓN**

*Sr. Gómez:* Imos ver, eu poño un novo pavimentado porque este camiño, non sei si foron a velo. Este camiño a situación é preocupante, as fochancas que hai, hai que ir sorteándoas, un coche, mellor de estes agora xa un pouco modernos que sexa un pouquiño baixo, toca abaixo nalgún sitio, xa case non se pode transitar,isto (...) hai que facerlle xa unha reparación urxente. Pero é que unha reparación en este momento, hai zonas do camiño que a reparación non sirve, hai que poñerlle un novo pavimentado, cando se deteriora moito, hai moitas fochancas que son moi grandes o firme vai perdendo a súa forma como pasa hoxe en moitos sitios, por iso o que dicía, como dicía na moción que se dea unha solución porque haino que facer (....) Nada mais.

*Sr. Alcalde:* Grazas Sr. Gómez ¿intervencións? ¿ningunha?. Sabémolo, somos conscientes, estivemos alí, falamos cos veciños, se fixeron xa actuacións en ese senso, reparación de cunetas, limpeza de algún tubo. E ademais, nesa zona concreta de toda esa parroquia, tamén é certo que se están levando, se levaron xa, xa están rematadas moitas obras importantes de pavimentación de estradas, Sermán 1, Sermán 2, etc. etc., que tamén veñen e que dimanan do Goberno anterior, tamén hai que dicilo. Estamos en elo, somos conscientes, e teñan por seguro

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



que si que agora, agora tamén é o momento de poñerse con todo isto porque dentro de nada temos outra vez o inverno encima. Grazas. Si non hai mais intervencións...si remate

*Sr. Gómez:* Simplemente dicir que o que acaba de dicir agora. Pois agora si que a parte das obras que están facendo, que di que son do anterior Goberno, espero pois que fagan estas e me parece ben (....) Hai algunhas obras mais que se fixeron na zona, pero esta como dicía é necesaria, e me alegro que estean nela, que a haxan ido ver. Eu fun a velo tamén e se a foron a ver saben cal é a situación, e penso que mirando a situación que ten, pois van a tomar as medidas que son as de arranxalo xa. Está impresentable. Moitas grazas.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**
**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.**

**4.e.- Moción de data 30.05.2016 presentada por Dna. Jimena Varela Rodríguez relativa ao DEREITO Á SANIDADE. Presenta emenda posterior D. Antonio Araújo Quintas, aceptada pola concelleira que presenta.**

*Jimena Varela Rodríguez, concelleira do Grupo Municipal de Gondomar CABE no Concello de Gondomar, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte* ***MOCIÓN SOBRE O DEREITO Á SANIDADE***

*Sra. Varela: Traemos esta moción que nos remite Médicos do Mundo polo aniversario, triste aniversario, do RDL 16/2012 que se encadra dentro da ofensiva do Partido Popular á Sanidade Pública. Coa aprobación de este RDL, a asociación REDER, da que forma parte Médicos do Mundo documentou mais de 1500 casos, entre xaneiro de 2014 e xullo 2015, de persoas sen papeis que se han visto privadas do dereito á saúde, incluíndo menores de idade, embarazadas e persoas que acudiron aos servizos de urxencia que son excepcións que contempla a lei. Nin sequera se cumpre a propia normativa. Por isto creamos esta moción e paso a expoñela:*

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*Fai máis de catro anos, concretamente o 20 de abril de 2012, o Goberno, actuando pola vía de urxencia e argüíndo a situación de colapso do Sistema Nacional de Saúde (SNS), aprobaba o Real Decreto-Lei 16/2012. Esta disposición, que en ningún caso estivo acompañada dun informe económico que xustificara a súa adopción, supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario.*

*Por unha banda, reduciu a carteira básica de servizos, diminuíndo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao SNS, supeditando o mesmo á condición de asegurado/a ou beneficiario/a, excluíndo así, entre outros colectivos, ás persoas en situación administrativa irregular. Os efectos de este RDL foron devastadores sobre a poboación máis vulnerable, como queda constatado no informe que REDER publicou en Setembro de 2015.*

*Xa dende o momento da súa aprobación o RDL 16/2012 foi contestado dende algunhas autonomías que rexeitaron a súa aplicación ou favoreceron mecanismos para evitar que as persoas en situación administrativa irregular ficaran totalmente fóra do sistema sanitario. Paulatinamente, dende o pasado verán, varias destas Comunidades Autónomas aprobaron Decretos, Instrucións e Ordes que ampliaban*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*substancialmente o acceso ao sistema por parte de estas persoas. Estas medidas, aínda que positivas, non teñen sido suficientes por diversos motivos.*

*En primeiro lugar, moitas de estas disposicións, ao centrarse exclusivamente no colectivo de persoas migrantes en situación administrativa irregular, non cobren a persoas de nacionalidade comunitaria, ou ás persoas ascendentes regularizadas como consecuencia dun proceso de reagrupamento familiar e que foron igualmente excluídas polo RDL 16/2012 e o RD 1192/2012 que o desenvolve.*

*Igualmente preocupante, especialmente no contexto actual de crise migratoria, é o caso das persoas solicitantes de asilo e refuxio, a quen, en lugar de recibir a especial protección que a súa situación de vulnerabilidade require, proporciónaselles unicamente unha asistencia sanitaria limitada e condicionada.*

*Por outra banda, a asimetría derivada da multiplicidade de normas autonómicas provoca accesos desiguais e dereitos diverxentes por parte da poboación en función de onde viva e en todo caso supón o establecemento de sistemas de acceso paralelos "para pobres" e non un sistema de igualdade de dereitos.*

*Finalmente, as comunidades autónomas carecen de competencia para reverter a profunda modificación do noso sistema sanitario que supuxo a volta ao modelo de aseguramento e que se sitúa na orixe mesma do problema.*

*Por iso, o Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto propón ao Pleno do Concello de Gondomar a adopción dos seguintes **ACORDOS:***

- *Eliminación das figuras de asegurado/a e beneficiario/a, recoñecendo o dereito á asistencia sanitaria en igualdade de condicións a todas as persoas que se atopen no territorio español independentemente da súa situación administrativa.*
- *Incorporación de cláusulas de flexibilidade que garantan a atención en todo momento, evitando que a falta de proba dun requisito (ex. empadroamento, certificado de non exportación do dereito, etc.) poida acabar sendo unha barreira insalvábel.*
- *Contemplar mecanismos de avaliación e seguimento que permitan garantir a efectividade da mesma.*

***Da seguinte Moción darase traslado ao Goberno de España e ao de Galicia, aos Grupos Parlamentarios no Congreso, no Senado, Parlamento Europeo, no Parlamento de Galicia, e a CEAR e ACNUR España.***

**DELIBERACIÓN**

*Sr. Alcalde:* Grazas Sra. Varela ¿intervencións? ¿ningunha? Perdón Sr. Araúxo, ten vostede a palabra.

*Sr. Araúxo:* Unha emenda. Nos estamos de acordo coa moción, parécenos moi ben que se lles de traslado ao Goberno de España que non sabemos si o Goberno será España (...) Pensamos que ao mellor habería que pasarllo tamén ao Goberno Galego, non so aos grupos parlamentarios galegos, senón tamén ao Goberno Galego. Entón engadirlle aí, ao Goberno de España e ao Goberno de Galicia.

*Sra. Varela:* Si, por suposto

*Sr. Alcalde:* Entón a emenda Sr. Araúxo é engadir, " ao Goberno de España e ao Goberno de Galicia". Queda reflectida a emenda.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.**

**4.f.- Moción de data 30.05.2016 presentada por D. Josué Villar Ballesteros relativa á COMPARECENCIA CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN.**

*Don Josué Villar Ballesteros, concelleiro do Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto no Concello de Gondomar, presenta a consideración do Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte Moción:*

***MOCIÓN COMPARECENCIA CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN***

*Sr. Villar: Esta moción ven pola incerteza que está creada ao redor do tema do cole de Mañufe.*

*No Pleno no que se tratou este tema, entendemos que houbo informacións contraditorias, moita información de palabra, pouca información por escrito e xa imos aclarar un pouco mellor este tema, porque a verdade que é un tema urxente, importante, que nos demos de conta que de aquí a un par de semanas ou un mes, pois nos pechan a escola de un día para outro e xa teño moi claro o que fixo o Goberno entrante, polo tanto dou lectura á seguinte moción:*

***MOCIÓN COMPARECENCIA CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN***

*Na sesión ordinaria do pleno da corporación de Gondomar de data 7 de Abril de 2016 aprobouse por unanimidade unha moción na que se pedía instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que renunciara ao peche da escola de Educación Infantil de Moreira.*

*Ante o silencio mantido ata o de agora tanto dende o Concello, como dende a Xunta de Galicia, o Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto solicitou acceso do escrito remitido á Consellería, así como a calquera outra documentación de interese, relativa a este tema.*

*Na documentación achegada polo Concello non constan escritos instando á Consellería a renunciar o peche da escola, incumprindo polo tanto o acordo plenario.*

*Polo exposto, o Grupo Municipal de Gondomar CABE solicita ao pleno da corporación de Gondomar o acordo para a comparecencia do concelleiro de Educación Juan González nos seguintes termos:*

1. *Situación actual da escola infantil de Mañufe.*
2. *Xestións realizadas polo Concello para evitar o peche da escola, incluíndo a relación dos posibles escritos recibidos e enviados á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que non foran remitidos a este Grupo Municipal.*
3. *Resultado das conversas mantidas polo concelleiro coa comunidade educativa e a Xunta de Galicia ata a data de hoxe.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



## DELIBERACIÓN

*Sr. Alcalde:* Grazas. No apartado 1, vostede di, situación actual da escola infantil de Mañufe, ¿podía aclarar un pouco a qué se refire?

*Sr. Villar:* Refírome ligado co punto 2 a si se cometeron algún tipo de cambios, como está a situación actual sobre o peche, o non peche, pero si tamén se aclara co punto 2 e 3 xa se responde.

*Sr. Alcalde:* Moi ben. Sometemos a votación entón esta moción para que compareza o Concelleiro de Educación. Sr. Concelleiro ¿ten vostede a ben comparecer hoxe, quere comparecer no seguinte Pleno ? Ten vostede a palabra.
Realmente tiñamos que votar primeiro a aprobación da moción porque si non pasa xa non comparece pero, sei que vai a pasar, entón veña, sometemos a votación a moción primeiro para a comparecencia do Concelleiro.

En espera da intervención do Sr. Concelleiro de Educación, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

## VOTACIÓN E ACORDO

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.**

**Comparecencia do Concelleiro de Educación Sr. Juan Antonio González:**

Boas tardes a todos, grazas Sr. Alcalde. Imos ver, eu comparezo para dar todos os datos,que se van a dar no próximo Pleno. Agora vou a dar o que sei en estes momentos, porque o tema dos escritos e tal non o teño aquí en este momento. No próximo Pleno pasareilles todo. Iso non quere dicir que non esteamos facendo nada en estes momentos. Baste sen ir mais lonxe, hoxe pola mañá estiven falando co Xefe Territorial da Consellería de Educación, César Pérez Ares. Estiven durante media hora falando con el de este tema e doutros moitos temas relacionados coa Educación. Coméntame que ata final de mes non hai confirmación oficial do peche da escola de Mañufe. Confírmame tamén, que a día de hoxe, hai.. que hai so tres nenos, tres nenos matriculados, xa que dous cursaron matrícula xa no Chano Piñeiro. Repito, palabras textuais de César Pérez Ares. A inspectora parece ser que se puxo tamén en contacto coas nais. Onte chamoume a min tamén unha nai, díxenlle que non sabía nada do tema, e hoxe volvín a chamala para explicarlle o que sei ata este momento. Entón, en este momento oficialmente non está pechado, agora si son sincero..

*Sr. Alcalde:* Perdoe Sr. Concelleiro ¿está comparecendo vostede?

*Sr Juan González:* Non, estou dando estes datos e para o próximo Pleno dou os datos que teña a efectos de relación de escritos recibidos...

*Sr. Alcalde:* pero...si comparece, comparece agora cos datos que ten ou senón ten,,,porque senón convértense en dúas comparecencias, ben ¿quere vostede continuar? Vale, siga.

*Sr. Juan González:* Estes datos que son os poucos que hai, e nada mais. Dígoo porque para o próximo Pleno, onde din xestións realizadas, escritos recibidos e demais, pois presentareinos no próximo Pleno. Iso non quita que esteamos facendo as xestións que cremos oportunas, como digo, falando hoxe en día co Xefe Territorial da Consellería, e nada mais. A cousa repito,

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

sendo sincero, creo que pinta mal, pero non está todo perdido, incluso el me dicía, si se conseguen seis alumnos ¿garántame que non se pecha a escola?.Hai que velo, iso é o falado hoxe á mañá con César Pérez Ares. ¿Vale? e nada mais. No próximo Pleno dareille todos os datos e si me permite o Sr. Alcalde so dicir, que os colexios en xeral, xa que estamos falando de Educación, teñen dous problemas principais; que son antigos (non os colexios senón os locais e as instalacións), e a falta de recursos económicos, entre outras cousas porque non temos o orzamento aprobado. Está habendo moitos problemas, ultimamente que aparecen aquí, e paréceme moi ben, que son problemas que veñen de atrás, ou sexa, e que parece que aquí nos trouxemos os problemas no peto cando chegamos ao Goberno e que os puxemos en riba da mesa. Son problemas que había, asumímolo no Goberno tal e como estamos, estamos traballando, estamos escoitando a todas as AMPAS, estamos indo a todos os Consellos Escolares posibles, estamos intentando arranxar todo o posible. Entendo que é un tema primordial, e como ben dicía o Alcalde por exemplo antes no tema do Colexio de Chaín, pois hai moitos colexios que teñen moitos problemas e hai que arranxalos todos. E sen mais, moitas grazas e no próximo Pleno pois pasareilles todos os datos que aquí me requiren.

*Sr.Alcalde:* Grazas Sr. concellerio. Ten a palabra vostede.

*Sr. Villar:* paréceme unha vergoña que non aproveiten esta oportunidade. Di vostede que a cousa pinta mal. Dende logo que pinta mal, pinta mal porque si non se fai nada pode ser que para o mes que ven, cando o Concelleiro compareza, xa non teñamos escola. Polo tanto a situación me parece bastante indignante, o que están facendo co tema mais e subliñando a falta de documentación porque, mire vostede que é o noso concelleiro do Goberno si, pode preparar unha documentación para este Pleno. Hai varias sorpresas. A primeira, temos un escrito do Concello de Gondomar, con data 06.04.2016, no que o único que figura de Mañufe é; "encantadores (...) Mañufe, escrito dirixido á Concellería de Educación, é interese de esta Alcaldía coñecer cáles son as previsións que a devandita Consellería ten cara ao curso vindeiro, xa que as noticias aparecidas crearon alarma na parroquia en esta Alcaldía". Este é o primeiro escrito, este é o escrito que se nos entrega a nós, que solicitamos a documentación, se nos da isto. O curioso é que cando nos entregan a documentación, cando hai mais documentación (...) porque en este Pleno.......

*Sr. Alcalde:* Perdón ¿qué di, que non lle entregaron a documentación?

*Sr. Villar:* Efectivamente, non hai toda a documentación que se lle deu, non a pasaron.

*Sr. Alcalde:* Pero ¿a quén lla pediu vostede?

*Sr.Villar:* Ao Concello de Gondomar.

*Sr. Alcalde:* ¿Si?, e ¿non se lle deu?

*Sr.Villar:* Non se nos deu

*Sr. Alcalde:* ¿Negóuselle?

*Sr. Villar:* Se nos deu este escrito ¿vale?. Falta o escrito importante porque aquí nun Pleno aprobamos, son palabras de vostede, "a mañá seguinte", tantas veces repetida no Pleno de Gondomar esa frase non..

*Sr. Alcalde:* Pois non lle queda nada para oíla, tamén llo digo.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*Sr. Villar:* Xa o sei, me queda claro. Pois ben vostede dicía no Pleno, que o día seguinte xa se enviaba o escrito á Consellería, e este Concello como tiña adoptado que non se peche esa escola, entendino, quero pensar eu que vostedes non están facendo a estratexia confusa para que ao final se peche. Entón si colabora ao final, pero ao final nos chega ese escrito que se enviou á Consellería co Acordo Plenario. Ese Acordo Plenario é de data 07.04.2016, e isto se envía, este documento, mes e medio mais tarde, coa urxencia que hai, o 23.05.2016 se envía o escrito co Acordo Plenario, este Concello, para que non pechen a escola. ¿Qué fixeron en mes e medio vostedes para evitar o peche da escola? Nada, unha vez mais.

*Sr. Alcalde:* ¿Pregúntamo ou....(..)?

*Sr. Villar:* Afírmoo, porque enviaron un escrito cun Acordo Plenario, cando quedou ao día seguinte de envialo, e tardaron mais dunha semana coa información que obra no noso poder,que a parte é pública a información, eu non entendo como nun tema tan importante se oculta esta información. Vostedes falan de iso, de que non comparece hoxe,vale imos esperar a que pechen a escola para logo comparecer. A min paréceme unha opción que deixa clara a vosa postura, e so hai tres nenos, estamos no mesmo, non hai tres nenos. Iso é o que din vostedes, lles interesa dicir neste momento tres nenos ¿por qué? non o sei. A min o que me diga o inspector, a inspectora non o entendo moi ben, polo escrito que temos, por iso era a nosa pregunta. Mirando que o Goberno non está actuando como debería actuar, para prever este peche, pois hoxe tiñamos aquí pensado que o Concelleiro puidera aclarar que o Goberno vai xestionar este tema para que non aconteza o que poida acontecer ¿non? Nosa sorpresa é que non puido preparar a documentación, achegamos ao final que é importante porque coa documentación, non lle levaría moito tempo ao Concelleiro preparar esta comparecencia. Porque tampouco é unha esixencia moi grande a que se pide aquí, e logo que a actuación do Goberno paréceme de todo menos a correcta para evitar o peche da escola.Nada mais.

*Sr. Alcalde:* Moitas grazas Sr. Villar. A ver si lle contesto eu a algunhas cousas ¿eh? Pero poucas, porque xa sabe que este Goberno é un desastre. Mire iso que di vostede que lle ocultamos información paréceme moi difícil, é moi incomprensible ademais. Non se lle oculta información a ninguén. Vostede ten a súa disposición toda a información que queira no mesmo momento. De todas formas eu preguntareille mañá aos funcionarios a ver si é certo que non se lle deu toda a información. Eu isto non o sei, é a primeira noticia que teño, pero faltaría mais, a documentación está alí na Secretaría para que a poida ver vostede cando queira. Se mandaron escritos á Consellería. É mais, se mantiveron varias xuntanzas co Xefe Territorial de Educación, non so polo de Moreiras senón tamén polo de Serra-Víncios, polas instalacións do portal, polo acondicionamento dos exteriores, polo cambio de fiestras. Sobre Donas, exactamente igual, acabamos de conseguir agora cofinanciar o parque infantil a partes iguais entre o Concello e a Xunta, 4000 euros cada administración. Temos o compromiso da Xunta de agora afrontar a acometida eléctrica do colexio Souto-Donas. Todo iso, a base de saír nos medios de comunicación, de facer presión, de mandar escritos, de non estar de acordo co protocolo e o convenio asinado con Gondomar que nos daba 900 euros para cada colexio, e se falou con todos os habidos e por haber, ata neste senso eu mantiven unha reunión co Vicepresidente da Xunta de Galicia, con Alfonso Rueda, onde se lle trasladou este tema, e onde quedaron de darnos unha solución e maior achega económica para os colexios de Gondomar. Entón, o de Souto-Donas está aí, o de Víncios, o de Peitieiros, e o e Moreiras. Mire, non sei si o saberá vostede, pero cando di que nunca falamos con ninguén, ao mellor si que todas aquelas persoas afectadas que se achegan tanto ao despacho do Alcalde como ao despacho do Concelleiro de Urbanismo, podo dicirlle que son mais de unha e mais de dúas e recibímolas e falamos con elas e imos aos consellos escolares e todo. Si algúns, claro que si. Pero non pasa nada, vostede ten que facer o seu papel e nos temos que facer o noso, pero o importante son os feitos e os resultados. Pero tamén, téñao en conta, que nos imos a puxar

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

para que o colexio non se peche, claro que si, pero tamén quero que quede claro que si chegado o momento se pecha, non é culpa do Concello nin do Goberno Municipal. É unha competencia da Xunta de Galicia, e tamén lle digo que si hai mobilizacións e hai que reivindicar que manteñan o colexio aberto, vostede estou seguro que vai ser o primeiro en estar en primeira liña coa pancarta, pero eu tamén, eu tamén como Goberno, pode telo claro, pero tamén quero que asuma unha cousa, se non o conseguimos e nolo pechan, eu son responsable, pero vostede tamén, esa é a diferenza. Aquí todos iguais, e veremos a ver si esta loita a gañamos ou non, pero temos que gañala todos e espero que vostede estea na primeira liña comigo aí, e tamén espero que si pechan o colexio que estea comigo tamén ¡eh!, porque esa é unha cousa de dous. Moitas grazas.

*Sr. Villar:* Vostede trata de vendela moto, argumenta, fala doutros colexios. Ben pero xa que está, xa que está falando do tema e xa que é vostede o máximo defensor para o non peche da escola pois (...) e eu claro son o Concelleiro da mesa da Corporación aquí, todos e todas que o votamos e que ao día seguinte se enviara un escrito para que non se pechara a escola. Estou pensando que agora que vostede quere falar, pois fálenos do que pasou con ese escrito, creo que non é bo que para que non se peche unha escola que tardemos un mes e medio en enviar un escrito, creo que non é positivo na situación actual. Xa que está, pois aclare o tema.

*Sr. Alcalde:* Vaia rematando. Comparecerá o Concelleiro e eu cando vostede queira. O que non vou a entrar é nunha discusión con vostede. Si lle din un escrito si non lle din un escrito, si lle din a documentación ou non, mire non vou a entrar en ese tema. Voulle dar a palabra xa, por última vez, así que esténdase todo o que queira porque unha vez que remate, concluímos con este debate e non volve a ter a palabra. Ten vostede a palabra. Remate.

*Sr. Villar:* Eu o único que lle digo, o que pasou (..) que vostedes teñen que enviar o Acordo Plenario. Nada mais.

*Sr. Alcalde:* Grazas, tomo nota.

**5. Rogos e preguntas**

*Sra. Salgueiro:* Boas noites. A miña pregunta vai sobre as actividades deportivas concretamente sobre o Memorial Barros. Está anunciado para o día 11 de Xuño e quería saber si están todos os permisos e todo o expediente correcto para poder federarse, porque non quero que pase o mesmo que na festa da bicicleta. E tamén me gustaría saber a versión do Concello de Gondomar con relación á non celebración da festa da bicicleta. Anos anteriores, e supoño que este ano tamén se fixo así, había varias reunións con antelación suficiente para poder ver o expediente correcto e todo en orden para a celebración da festa da bicicleta o día 17 de maio. Aínda que a voz cantante deuna o Concello de Nigrán, eu supoño que o Concello de Gondomar tería tamén algunha responsabilidade en elo e quería saber si se vai a volver a establecer unha data para a festa da bicicleta ou si xa se queda todo...(....)

*Sr. Alcalde:* Perdón Sra. Salgueiro ¿son preguntas non, entendo non, si o que me está facendo, rogos non ten? Grazas.

*Sra. Durán:* Moi boas noites a todas e todos. Quería preguntarlle (...) o tema do convenio asinado, que se asinou, pero que logo renunciou a el coa Consellería de Educación, polo cal a Xunta facía unha achega de 9000 euros e non 900 como dixo vostede. Quería si pode explicarnos cál era a participación da Xunta no convenio e a participación do Concello. Temos entendido que a Xunta tiña un 40%, polo tanto o Concello un 60%, así que si nese convenio a

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



Xunta facía unha achega do 40% que serían uns 9000 euros, enténdese que ao Concello de Gondomar lle correspondía por 13500, e sobre todo quería saber esas cantidades ¿a qué obras estaban destinadas? Se entende que deberían (...) proxectos de obra para facer as instalacións, relacionadas coa Deputación, e que no momento en que primeiro asinou o Concelleiro e despois, polo que sae na prensa, por orde do Alcalde pois se comunicou que renunciaba a elo, pois queríamos saber entón ¿qué obras quedan sen facer ou si as vai asumir entón o concello directamente? E outra cousa tamén relacionada con isto, quería saber si dende o Concello de Gondomar o Sr. Alcalde e o Concelleiro de Educación non coñecían con antelación o importe que foi unha sorpresa de chegar alí e tiñan (....) vale. Tamén quería saber dado que se trata de achega do Concello, achega da Xunta, como vostede sae en prensa dicindo que outros concellos pois recibían 150.000 euros, quería saber si o Concello de Gondomar ten unha partida complementaria suficiente como para poder afrontar a parte que lle correspondería en esas obras. Quería preguntarlle tamén sobre o Plan de Concellos da Deputación do ano 2016, si xa teñen decidido qué obras, ónde van a investir eses cartos, se falaba aí de 700.000, 800.000 mil euros, ónde se vai a investir e si dada a situación tan problemática que teñen algúns centros de educación, pois si van a destinar algunha desas cantidades, a algunha obra de educación. Quería despois por último preguntarlle porque aquí nas respostas que nos deron me responde que xa teñen, eu lle preguntaba si xa tiñan definido o reparto do uso das aulas do CDL, me contesta con un non, na segunda parte (...) dado que a nosa petición é do doce de decembro me gustaría que ditase unha resolución, si é denegatoria, pero ter unha resolución para así comunicarllo tamén a...que o propio partido pois o coñeza. Tamén me responde á pregunta de que pasaba con aquel recurso contencioso que presentara a empresa Ohnios S.L. e me di que está nas dependencias municipais á miña disposición. ¿Teño que facer a solicitude expresa ou xa entendo que con esta resposta, xa o teño a miña disposición (...)?

*Sr. Alcalde:* Non hai ningún problema, iso sabe que está xudicializado, houbo un recurso, non hai ningún problema, eu entendo que si, implicitamente hai unha petición e cando eu lle digo que tal... de todas formas o secretario me di o contrario, me di que ten que facer unha solicitude cando veña e eu asínoa ao momento ou a acompaño directamente a mirar o expediente, e ademais é bo que o mire porque, ademais ata pode aportar algún dato interesante.

*Sra. Durán:* Me responde que sobre o tema do Prego dos residuos....da recollida do lixo me dixo que está aínda redactándose o Prego de Condicións, xa leva varios plenos contestándome o mesmo. ¿Para cando estima que pode estar ese prego xa preparado? E perdoe que lle volva a insistir no mesmo, pero pregunteille sobre o expediente, si se había iniciado o expediente de expropiación pola Deputación de Pontevedra para a obra da beiravía de Gondomar – Morgadáns, e me di dende a Deputación de Pontevedra nos informan que si, que o dixeron verbalmente ¿ten algunha...?

*Sr. Alcalde:* Verbalmente, quedaron de mandarme documentación pero...

*Sra. Durán:* Pediríalle que cando a teña, que nos avise porque si que me gustaría (....)

*Sr. Alcalde:* Grazas. Sr. Salgueiro

*Sr. Salgueiro:* Boas noites a todas e todos. Eu quería saber, en Baralla, en Murxido que hai un par de anos houbo un derrube dun muro, un muro e unha fonte. Había un informe do arquitecto, que di que as obras quedaban (....) deixaban as baldosas levantadas, quería saber cómo están,(....) e despois un rogo, que se dean presa coa limpeza das cunetas porque..(...), é

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

mais aquí en Baralla hai moito rego porque a cuneta cando marchou o muro abaixo, quedou sen ela e estaba sempre sinalizada e está sen sinalizar agora, non sabemos si van sinalizala ou non.

*Sr. Alcalde:* Grazas ¿mais preguntas? Sr. Gómez

*Sr. Gómez:* Imos a ver. No anterior pleno fíxenlle un rogo sobre as bandas sonoras que había en Borreiros á altura da gardería, polo que miro, pasei por alí e seguen sen solucionar iso. Simplemente que me diga cando van a solucionar iso, as que faltan son as que están pegadas o muro e os coches pasan por alí para esquivalas (...) o portal, en nada que se asomen un pouquiño pode haber un (...) saber cando o van a solucionar.
Outra pregunta, xa a fixen no anterior pleno, me contestan sobre o saneamento da pedra no barrio de Morgadáns, din que están buscando financiamento, entón saber si xa fixeron algunha xestión e si xa hai algunha axuda, saber o que se fixo, isto é a contestación a unha pregunta de fai un mes, en que situación está e si xa teñen un orzamento, si o proxecto vai servir, a situación a dia de hoxe (...)
Outra pregunta é sobre a estación de bombeo, o parque das tormentas, xa a fixen, aquí me contesta que Augas de Galicia personouse no Xulgado polo que están agardando que o Xulgado lle reclame o expediente. Saber si xa reclamaron ese expediente e gustaríame saber si ao final están intentando traer ese expediente para anular xa definitivamente que non se faga o parque das tormentas ou si teñen intención de retomar o tema e facelo ou si teñen unha alternativa para arranxado problema. Saber si Gondomar vai ter o parque das tormentas para darlle solución o que foi pensado e estudado aí ou si pode ser pido un pouquiño mais...¿cál vai a ser a situación?¿cómo se vai a solucionar o problema que temos?
O cruceiro de Mañufe que nos contesta o concelleiro de Urbanismo que se vai a restaurar, que se vai a colocar no sitio. Pero imos ver, iso foi, penso que foi así, foi un coche que tropezou, un despiste como pode ter calquera e votou o cruceiro abaixo. (...) o seguro, o pagará o seguro, e dentro de pouco vai pasar un ano. Imos a ver, si eu agora, calquera, un de nós ten un accidente co coche e rompe outro coche, ao cabo dunha semana está solucionado o dano que fixo. Imaxino que aí o seguro, a compañía de seguros do coche que botou o cruceiro abaixo terá que darlle unha solución, saber como está. Si o problema é que non quere pagar a compañía de seguros, si o problema é ao mellor de parque móbiles que está mirando, saber cando imos a ter o cruceiro de Mañufe, aínda que.. pois sabes que eu vivo en Mañufe non, eu sempre o poño como referencia para que vaian á miña casa e (...) alí. O outro día dígolle a un o cruceiro de Mañufe e ao cabo dun ano non encontraban ningún cruceiro (...) si aínda non o colocaron, vaia por deus (...) entón, cándo vai a estar colocado o cruceiro de Mañufe.
Hai aquí unha pregunta que ía facer e xa a fixo a compañeira de corporación Patricia Durán pero por si (....) o tema das beirarrúas de Chaín, saber cándo...mais ou menos cómo está o tema, as (..) e cándo calculan que vai estar solucionado e rematado o que é as beirarrúas de Gondomar a Morgadáns, e despois a última xa, penso que é moi importante, xa (...) no Concello fai algúns anos, e xa levan un ano de goberno, si este ano 2016 este Concello vai ter orzamento, si se está facendo si teñen pensado non facelo. Un Concello sen orzamentos (...) e polo que miro, imos seguir na liña e é preocupante. Iso resumindo. ¿imos ter orzamentos ou non, e en que situación está? En principio, nada mais, moitas grazas.

*Sra. Fernández:* Unha pregunta, cando empezarán a pasar as marquesiñas, dixéronme que ían preparar unha marquesiña de todo o concello e para cando o tema da limpeza das herbas, que vai moi lento, non se sabe o que pasa, se hai algún problema, si arranxaron xa o tractor, ou o que tiñan aí estragado. E outro tema que me parece súper importante que é o Club Deportivo Vincios, vostede esperou en seis meses ter unha reunión con eles. Gustaríame saber e a eles sobre todo ¿cándo vai ter esa reunión? Porque a verdade que están preocupados, decepcionados sobre todo, porque lles prometeu catro mil cousas, pero ata a reunión non

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



chegou e é mais é un Club que neste momento teñen un campo de fútbol que da pena, xa pola situación que está pasando polos problemas que ten o Polígono da Pasaxe, aínda por encima non lle botan unha man a nada. Meten polo rexistro cousas e pasan de todo. Entón eles queren que se sente con eles e queren saber cándo pero xa. Eu rógolle que se sente xa. E tamén sobre o tema dos rexistros de entrada que xa falei nun pleno, que seguen sen resposta moitas peticións e incluso penso que debían ser contestadas e hai veciños que están facendo os rexistros de entrada e non teñen contestación para nada e fai un ano. Entón iso tamén é moi preocupante.
No barrio da Rocha en Víncios, pois hai unha estrada que está, como outros camiños das parroquias do concello, pero sobre todo que hai uns veciños que se están queixando e que están mirando que non dan solucionado o problema. Entón sería bo que pasaran por alí e lle rogo pasen e miren como está e que solucionen o arranxo que hai.
Tamén me di do arranxo da cabina, que si que vai a haber un arranxo pero para cándo, da cabina de taxis. ¿para cándo vai ser ese arranxo?
Despois, o corte das ramas do camiño do Laranxo e unha luz que está tapada. Aí tampouco, non se fixo nada. E por último, é sobre un tema que está... leva aí pois fai dez anos, fai tempo, nos primeiros plenos eu non o tiña dúbida pero..(....) quería saber sobre o tema do caixeiro automático no seu día, a min me gustaría que me dixeses ou como dixo o concelleiro informalmente me gustaría que me dixera ¿cándo fixo a solicitude, cál foi a contestación da entidade bancaria de porque non se fai? Iso é todo. Esa información a quero toda por escrito e que me diga pois exactamente ¿por qué? Se fixeron o estudio que lle saíu desfavorable ¿por qué motivo ? e nada mais, é algo que preocupa, que me preocupa é algo que os veciños de Víncios si o demandan cada vez mais, eu supoño que é importante para todos, eu penso que no Polígono da Pasaxe que había empresarios e incluso para a xente que vai ao caixeiro de Valladares pois pode ir ao de Víncios mais ao de Gondomar. Non se teñen que ir a outro concello a sacar cartos, podendo haber outro, me gustaría que se preocupase e que me diga realmente ¿por qué non se fixo?. Nada mais.

*Sr. Pauliño:* A primeira pregunta é na Xuntanza, no pleno anterior moitas das cuestións suscitadas e admitidas neste Pleno, admitiu a reunión que ía ter co Vicepresidente da Xunta, gustaríanos saber si ao final tivo feito esa reunión e si chegaron a algunha conclusión ou ten algo que dicirlle sobre o falado.
Gustaríame saber en canto a Rúa do Emigrante hai unha serie de informes contrarios de Intervención ao respecto da execución de esas obras. Gustaríame saber por qué se está pasando por riba do informe do arquitecto municipal. Gustaríanos tamén saber que visto que se xuntou solicitar coa Comunidade Educativa e despois o Concello, o mapa das prioridades de Educación si o ten ensinado, si pode ser coñecido, as prioridades e que nolo pasara por escrito. Si vai a convocar algunha vez, porque gran parte de estes problemas suscitados e agora diferentes, mútiples e colexios, dende a escola de Mañufe, Sr. Concelleiro de Educación, vou facer miñas unhas palabras que foron súas e do Sr. Alcalde no anterior pleno. Na escola de Mañufe hai cinco nenos que pediron como primeira opción a escola de Mañufe, cinco nenos, que non nos conten mentiras, cinco nenos. Polo tanto isto de qué pasa si son seis, hai cinco nenos e esa escola non se pode pechar. Ao mellor si estivera convocado o Consello Escolar Municipal, como reiteradamente lle vimos dicindo, ao mellor gran parte de estes problemas estarían cando menos canalizados.

*Sr. Alcalde:* Sr.Pauliño iso que me está dicindo ¿é un rogo, é unha pregunta, un reproche, unha rifa? Concrete, pregunte ou rogue

*Sr. Pauliño:* Tendo en conta que vostede xa colleu o costume do anterior alcalde (...), como facía ultimamente de actuación e contesta xa por escrito e o que lle da a gana, xa aquí xa se

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



acabou o tema de facer do pleno o centro do debate e da vida pública. Xa as alas non lle chegaron a moito, pois.....vostede contesta o que lle da a gana e eu pregunto o que quero.
Feita esta introdución, ¿cándo vai vostede convocar ao Consello Escolar Municipal?

*Sr. Alcalde:* Vale, esa é a pregunta. Tomo nota, a seguinte.

*Sr. Pauliño:* Ben, gustaríanos saber a Concellería de Servizos Sociais xunto con Educación pensan tomar algunha actuación, non queremos datos evidentemente e sobre todo cando son datos bastante sensibles, pero si teñen pensado algunha actuación sobre os nenos e nenas que nos distintos colexios teñen como unha única comida do dia a que teñen na escola. Si cando se remate o curso escolar van a ter algunha actuación tendente a solucionar este asunto.
Despois gustaríanos que cando tomaran unha actuación, o Concelleiro de Educación, dixo temos dous problemas, un é que as cousas son antigas, os coles e outro que non temos cartos. Agora, tendo un Concelleiro de Educación, de Facenda..... que é un canón, non é o que marchou, agora é un canón.

*Sr. Juan Antonio González:* Vostede prometeu un diñeiro do 2016.

*Sr. Alcalde:* Sr. González, non ten vostede o uso da palabra, e Sr. Pauliño, volvo a repetirlle, faga un rogo ou faga unha pregunta. Faga unha pregunta.

*Sr. Pauliño:* Ben mire nos colexios, nas aulas do CRA, son aulas antigas que teñen cousas boas e cousas malas, unha das cousas boas que teñen e que teñen unha determinada arquitectura, entón cando se vai a un parque onde están os postes de pedra e se meten dous pegotes de poste de formigón, de cemento, a verdade e que quedan moi mal. Si se fai no entorno onde hai un cruceiro, un cemiterio e unha igrexa, por favor teñan un pouco, é un rogo, teñan un pouco de coidado con ese tema, si cambian un poste de pedra, coloquen outro poste de pedra e non un pau, un poste de formigón.
Gustaríanos saber qué pasa co Colexio de Donas, si vai a ter colaboración, se non vai ter colaboración, etc.,etc.
¿Cómo vai o tema da roza dos camiños, si teñen algunha prioridade ou orden para levalos a cabo?
Gustaríame tamén saber si van a facer algo coa Escola de Música de Gondomar ao respecto do acto de fin de curso que solicitaron este Auditorio Luís Tobío para realizar un acto onde as familias se comprometían a deixar o local ás oito da tarde. Gustaríame saber si van a ser sensibles, si vai a cambiar a denominación deste local para que as familias poidan realizar aquí este acto, supoño que igual ata se podía facer un compromiso de todos os grupos políticos que van usar este auditorio para que non haxa ningún tipo de problema para que realicen ese acto das 17:00 h. ás 20:00 h.
Despois gustaríame saber ¿por qué vostede incumpriu o acordo plenario sobre a utilización da sala multiusos do Centro Neural? Porque dificilmente se vai poder fomentar a participación cidadá cando se di que a partir das 21:30 h. non se poden usar os locais municipais, segundo escrito que consta a todos os que van a pedir un local. Ata as 21:30 h.
Gustaríanos saber ¿por qué e cando se cambiou a chave do arquivo municipal que se quitou de Secretaría? A resposta que da evidentemente non é satisfactoria.
Gustaríanos tamén que nos contestara ao tema dos bolseiros da Deputación, tema do seu horario, ónde están situados,etc, etc porque iso hai unha contestación creo de Urbanismo, sen embargo faltan tres.Non se nos deu contestación a este tema.
Gustaríanos saber si van a sustituir dalgunha maneira, vou a dicir de que maneira, ou cómo ou mediante qué á rapaza ou a muller que está levando o tema da OMIX que non está, dende fai

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



bastante tempo está de baixa e que hai reiteradas queixas de xente que se acerca á oficina da OMIX para solicitar documentación ou información e esa oficina permanece pechada. Gustaríanos saber si vai solucionar ese tema. Grazas.

*Sra. Villar:* O primeiro sorpréndeme que un Goberno tan democrático como vostede di que é o seu, lle importe tanto que teñamos as preguntas fundamentadas....con información

*Sr. Alcalde:* Pregunte Sr. Villar ou rogue.

*Sr. Villar:* É un tema que nos queremos expoñer para que entenda mellor cada problema e cada pregunta que facemos. Se facemos directamente a pregunta pode haber xente de aí ou vostede mesmo no pleno que non entendan o contexto. Non (...) vostede é democrático, transparente, traballa todo o día, as 24 horas

*Sr. Alcalde:* Limítese a facer a pregunta Sr. Villar.

*Sr. Villar:* A pregunta que quero facer é a seguinte, tendo en conta que vostede cando chegou ao Goberno, entre os compromisos os cales se derrogou neste pleno foi cambiar o procedemento das preguntas con respecto do anterior goberno,¿cándo ten pensado este goberno, volver ao sistema democrático e transparente no que se encomiaba a (...) de mandar? A pregunta tal cal.

*Sr. Alcalde:* ¿Qué quere dicir? Si xa lle vou a contestar ¿qué quere dicir que non é democrático nin transparente este Plenario?

*Sr. Villar:* Que vostedes, como vostede mesmo argumentou, grazas por deixarme falar,

*Sr. Alcalde:* Perdón, perdón imos por partes, quen deixa falar ou non, quen dirixe este Plenario, é o presidente do mesmo ¿vale? de momento iso. Fale.

*Sr. Villar:* Grazas Sr. Alcalde, repito a pregunta. Tendo en conta a súa afirmación como alcalde, co cambio de Goberno, resumindo que vostede ía ser un Alcalde diferente e que nestes rogos e preguntas, vostede ía ser transparente e práctico, transparente e práctico, é dicir que hoxe que toda a xente que ven a este pleno a vostede poda argumentarlle todas estas preguntas e falar como viñan facendo nos anteriores plenos, non responder por escrito. É un cahondeo, entón é un cachondeo. A miña pregunta concreta é ¿cándo teñen pensado volver ao sistema democrático e transparente dos plenos anteriores?

*Sra. Varela:* Grazas. Boas tardes. Eu teño dúas preguntas, a primeira ¿por qué non se me respondeu a unha pregunta específica?, fixen dúas preguntas e aquí so aparece unha, soamente me contestan a ..(....). E a segunda pregunta é repetir a pregunta que fixen no Pleno anterior, que era con respecto a un escrito que entrou na Dirección Xeral de Patrimonio, no que se denegaba ou era un informe desfavorable sobre o Proxecto da Reforma da Estrada da Deputación e da ponte de Mañufe. E quería saber qué actuacións se están levando agora mesmo ao respecto.Grazas.

*Sr. Alcalde:* Grazas. Unha pregunta da Sra. Durán que lle quedou atrás.

*Sra. Durán:* Grazas Alcalde por permitirme...me queda unha resposta que lle deron a unha pregunta que formulou o Sr. Villar é ¿Cándo se vai convocar o Consello Municipal da Muller? Din que están convocados e a espera. Entendo que non está convocado, e á espera de que dous dos grupos municipais desta corporación nomeen aos representantes. Quero deixar

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



absolutamente, que a min, lémbrome que o haxa citado a concelleira de Igualdade en rogo, porque se deixara no caixón, e aquela convocatoria tivera o impedimento de nomeamento, e eu que ausenteime aqueles días, como tres, catro meses mais tarde, dende o departamento de Igualdade pois me dixeron, oe Patricia que o Grupo Popular non tedes aínda representante..e eu tiña a instancia....

*Sr. Alcalde:* Non, non é o seu

*Sra. Durán:* O que quero dicir é que, eu si o tiña, estaba presentado por Rexistro, pero dende o Rexistro non chegara ao seu destino, e entón quería saber si dende a Concellería de Igualdade estes dous grupos municipais que din que non nomearon, non vaia ser de que si estea presentado ese escrito por Rexistro pero que non chegara ao seu destino. O digo por si pasou concretamente o mesmo que co escrito que presentou este grupo.Grazas.

*Sr. Alcalde:* Grazas. Sr. Araúxo, ten a palabra.

*Sr. Araúxo:* Facer unha aclaración simplemente porque preguntaba antes a Sra. Varela non sei si era pola resposta da ponte de Mañufe, polo proxecto porque eu respondín a iso, pero ao mellor igual non entendín a pregunta, é dicir, non teño inconveniente en aclarar toda esa historia, incluso en pasarlle toda a documentación que haxa, iso estase traballando, están os técnicos traballando sobre ese asunto con especialistas importantes. Ademais en patrimonio, en rehabilitación patrimonial, pero foron esta semana, é dicir, non lle podía contestar iso. E en todo caso, o informe da Dirección Xeral de Patrimonio, aínda que ao final foi desfavorable, é unha cousa incomprensible, realmente no relatorio si o le dáse conta de que o que está dicindo é o que hai que facer. Hai que facer unha serie de cousas, maiormente catas, antes de meterse a facer nada. E a nosa intención aínda non é empezar a facer nada, entre outras cousas porque é unha estrada da Deputación Provincial, entón ao mellor entendín mal a pregunta por iso llo digo, de todas formas dende a pregunta a hoxe xa lle respondín, hai moitas outras xestións.

*Sra. Varela:* ¿Ónde están as... ?

*Sr. Araúxo:* Na que eu che dei a ti si.

*Sra. Varela:* É que non teño esas follas.

*Sr. Araúxo:* Eu paseinas...contesteinas a primeiros de maio, é dicir que...pero iso non quita que poidamos falar diso e pasarlle toda a documentación, porque agora hai mais información.

*Sr. Alcalde:* Dámosllas ao Sr. Pauliño. Sra. Varela, e que o Concelleiro de Urbanismo contesta as preguntas de urbanismo, cada concelleiro ás súas. Entón neste caso o Concelleiro de Urbanismo, contestou ás preguntas que eran da súa competencia e acompañou unha folla que lle deu aos voceiros da Comisión Informativa, aínda que despois o que quedamos de facer era de darllas a todos dende a Alcaldía. Como Alcalde, e xustamente en ese corta e pega, esa pregunta de Antonio, esa última pois o que transcribiu non a meteu, pero eu sabía de principio que estaba contestada, pero que foi un erro pero si que estaba. Eu creo que é mellor ademais dalas todas xuntas porque senón non sabemos ao final o concellerio cando llas da as persoas e telas aquí. Entón esta queda.... e nada mais.

Seguindo coa dinámica de contestarlle ás preguntas dunha maneira mais comprometida, mellor argumentadas, e atendendo a ese criterio de transparencia e democracia, imos a espremernos os miolos para facerllas chegar canto antes e cunha resposta concreta e ben documentada. De

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



todas as formas teñen vostedes todas as dependencias municipais a súa disposición para poder consultar toda a documentación que queiran, facer fotocopias de todo o que queiran, sempre que o Secretario Municipal, que ao final é o garante da legalidade do Concello, non lle poña ningún reparo, pola miña parte non vai haber ningún. Moitas grazas.

E non habendo máis temas que tratar, ás 22 horas e 15 minutos do día 02.06.16, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que eu mesmo asino, de todo o que eu como secretario dou fe.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

DILIXENCIA DE PECHE.-

Para facer constar que a presente acta queda transcrita dende a folla número 2856289 á 2856300 volta, folios números 123 ao 134 volta.

Gondomar, 22 de setembro de 2015

O secretario

Pablo Portela Fernández